

# *Música Galega sobre Poemas Galegos*

28 de decembro de 2008, 12:00 horas  
Museo de Belas Artes da Coruña



**Concello da Coruña**

Concellaría de Mocidade, Solidariedade e  
Normalización Lingüística



ASOCIACION GALEGA DE COMPOSITORES

# María José Ladra, mezzosoprano

## Javier Vázquez Grela, piano

### 1ª PARTE

*Miña nai, miña velliña*

Texto: Manoel Cambeiro  
Música: Carlos Cambeiro Alís

*Pontedeume, un cantar que chove*

Texto: Ramiro Fonte  
Música: Miguel Brotóns

*Ausencias (cinco cantigas de amigo)*

Textos de Lourenço, Juiao Bolseiro, Nuno  
Fernandes Torneol, Martin Codax e Pero Meogo.  
Música: Margarita Viso Soto.

*Quén no seu corazón*

Texto: Ramón Cabanillas  
Música: Juan Vara.

### 2ª PARTE

*Ti que naces*

Texto e música: Juan Pérez Berná

*Has de cantar*

Texto: Rosalía de Castro.  
Música: Juan Pérez Berná

*Canto Asteca*

Texto precolombino.  
Música: Joam Trillo

*Non hai azul*

Texto e Música: X.A. Vázquez Casas

*Cidade do Sul*

Texto: Xavier Baixeiras  
Música: Gloria Rodríguez Gil

*Crónica Op.81, nº 1*

Texto: Miguel Anxo Fernán Vello  
Música: Paulino Pereiro

*Cantiga ao xeito de Schubert*

Texto: Álvaro Cunqueiro.  
Música: Paulino Pereiro.

# TEXTOS DAS CANCIÓNS

## MIÑA NAI, MIÑA VELLIÑA

Miña velliña , miña nai ,  
miña nai , miña velliña ,  
te fuches na mañanciña ,  
axiña de morrer meu pai .

Foi para ti tan penoso  
sentirte sin él , ¡ soiliña ¡  
que naquela mañanciña ,  
te fuches tras do esposo .

Meirande foi voso amor ,  
tan afervoadado e tan puro ,  
que fatiga nin apuro  
mermaron no seu calor .

Sóilo Deus sabe que dór  
tivéche'o sentir a ausencia ,  
daquel que , coa sua presenza ,  
garimábache de amor .

Murcháste-te coma fror ,  
cando foi por Deus chamado ;  
cos séus pecados perdoado ,  
presentouse ante o Señor .

Certo sei , ¡ miña xoiña ¡  
qu'estás co Noso Señor ,  
en premio do voso amor ,  
¡ desd'aquela mañanciña ¡

*Manoel Cambeiro*

## CANTAR QUE CHOVE

Se fecho os ollos, oio  
Chover en Pontedeume

Se conto os pasos, lenta  
Mente percorro aquelas rúas,  
As sombras abrigosas que me  
Agardan.

E está chovendo, chove  
Sobre o mundo,

Sobre o xardín mollado da tristeza,  
Como chove mansiño na lembranza,

E ese triscar da choiva nos tellados,  
E nas laxes das rúas,  
É o ruído que quero na mañá.

Se abro os ollos, xa sei  
Que delampou.

*Ramiro Fonte*

“Pontedeume”

## AUSENCIAS (Cinco cantigas de amigo)

1.-Texto de Lourenço, jogar

Ua moça namorada  
Dizia un cantar d'amor  
E diss'ela: “Nostro Senhor,  
Oj'eu foss'aventurada  
Que oíss'o meu amigo  
Com'eu este canta digo”.

A moça ben pareçia  
E en sa voz manselinha  
Cantou e diss'a meninha:  
”Prougess'a Santa Maria  
Que oíss'o meu amigo  
Com'eu este cantar digo”.

Cantava mui de corazón  
E mui fremosa estava  
E disse, quando cantava:  
“Peç'eu a Deus por pediçon  
Que oíss'o meu amigo  
Com'eu este cantar digo”.

2.-Texto de Joan Bolseiro

Aquestas noites tan longas  
Que Deus fez en grave día  
Por mi, porque as non dórmio,  
E por que as non fazia  
No tempo que meu amigo  
Soia falar comigo?

Porque as fez Deus tan grandes  
Non posso eu dormir, coitada!  
E, de cómo son sobejas,  
Quisera-m'outra vegada  
No tempo que meu amigo  
Soia falar comigo.

Porque as Deus fez tan grandes  
Sen mesura desiguaes  
E as eu dormir non posso,  
Porque as non fez ataaes  
No tempo que meu amigo  
Soia falar comigo?

3.-Texto de Nuno Fernández Torneol

Que coita tamaña ei a sofrer  
Por amar amig'e non o veer!  
E pousarei so lo avelãal

Que coita tamaña ei a endurar,  
Por amar amigu'e non lhi falar!  
E pousarei so lo avelãal

Por amar amigu'e non o veer,  
Nen lhe ousar a coita que ei dizer:  
E pousarei so lo avelãal.

Por amar amigu'e non lhi falar,  
Nen lh'ousar a coita que ei mostrar,

E pousarei so lo avelãal.

Nen lh'ousar a coita que ei dizer  
E non mi dan seus amores lezer:  
E pousarei so lo avelãal.

Nen lh'ousar a coita que ei mostrar  
E non mi dan seus amores vagar:  
E pousarei so lo avelãal.

#### 4.-Texto de Martin Codax

Ai ondas que eu vin veer,  
Se me saberedes dizer  
Por que tarda meu amigo  
Sen mi!

Ai ondas que eu vin mirar,  
Se me saberedes contar  
Porque tarda meu amigo  
Sen mi!

#### 5.-Texto de Pero Meogo

Enas verdes ervas  
Vi anda-las cervas,  
Meu amigo.

Enos verdes prados  
Vi os cervos bravos,  
Meu amigo.

E con sabor d'elas  
Lavei mias garcetas,  
Meu amigo.

E con sabor d'elos  
Lavei meus cabelos,  
Meu amigo.

Des que los lavei,  
D'ouro los liei,  
Meu amigo.

Des que las lavara,  
D'ouro las liara,  
Meu amigo.

D'ouro los liei  
E vos asperei,  
Meu amigo.

D'ouro las liara  
E vos asperara,  
Meu amigo.

#### QUÉN NO SEU CORAZÓN

¿Quén no seu corazón non leva un arpa  
que seipa das cancións  
escoitadas do berce entre os arrollos  
e na rexa do Amor?

¿Quén non garda a memoria, triste ou leda,  
dun algo que xa foi?

¿Quén orfo, sin fogar, abandonado  
dos homes e de Dios,

non atopa consolo na lembranza  
dun tempo que pasóu?  
¿Quén non lle fixo cova no seu peito  
a unha morta ilusión?

Eu non sei, eu non sei qué nos espera  
este mundo ó deixar,  
non sei o que está diante, o que ha traernos  
o escuro <<máis alá>>;  
mais para ter, cen anos que morrendo  
vivira neste chan,  
friebes no corpo, brétemas na alma  
e loitos que chorar,  
para ter as feridas sempre abertas...  
¡chega de abondo o que ficóu detrás!

*Ramón Cabanillas*

#### TI QUE NACES

Ti que naces, Oh meu Neno  
Nun alpendre de Belén  
Deixa a terra, esquece ao home,  
E aos Ceos volvete

Ti non chores, ti non sofras,  
Porque o home é tan ingrato  
Porque o home é tan cruel  
Que ti es moito agasallo  
Para a súa cólera e o seu fel.

Ti que naces, Oh meu Neno  
Nun alpendre de Belén  
Deixa a terra, esquece ao home,  
E aos Ceos volvete

*Juan Pérez Berná*

#### HAS DE CANTAR

Has de cantar,  
que che hei de dar zonchos;  
Has de cantar  
Que che hei de dar moitos

Has de cantar,  
Meniña gaiteira;  
Has de cantar  
Que me morro de pena.

Canta meniña,  
Na beira da fonte;  
Canta, daréiche  
Boliños do pote.

Has de cantar,  
que che hei de dar zonchos;  
Has de cantar  
Que che hei de dar moitos

*Rosalía de Castro*

#### CANTO ASTECA

Xxxxxxx

## NON HAI AZUL.

Non digas nada,  
Non hai azul:  
Mírame soio:  
Si, eres tú.

Esbaran bágoas  
Alén de ti e mñ,  
Non digas nada,  
Quédate esquí.

Si escoitaras  
O son do vento:  
Risas lonxanas,  
Prontos de nenos.

¡Non!, non escoites,  
Non teñas medo,  
A lúa canta  
Alá no ceo  
Cancións hermosas  
Prós máis pequenos.

Non digas nada,  
Non hai azul:  
Cantos lonxanos,  
Sono de luz.

Esbaran bágoas  
Alén de ti e min,  
non digas nada,  
e vai alí.

*Xoán Antón Vázquez Casas.*

## CIDADE DO SUL

Beira, voltei ao Sul. Ando entre varadoiros,  
impregnado de brea, de fariña de peixe,  
xunto a esgotos e ludros que corrompen espumas  
-os xogos compartidos polos nenos dourados,  
agora relucindo nunhas illas remotas.

O óxido dos barcos reborda dos peiraos,  
pero a luz, máis intensa que aquela que te cobre,  
simula rotas novas e marca un novo cénit  
para un home varado no fondal dunha cunca.

Beira, voltei ao Sul. Axiña cumprirei  
tódolos anos, tódalas horas. Entrementres  
a carne se disipa, como alcohol, no mar,  
para que non a alcance co seu rumor escuro.

*Xavier Baixeiras*

## CRÓNICA

*In memoriam Antón Avilés de Taramancos*

Levávamos cen noites agardando entre a névoa.  
Cen noites agardando dentro de cada noite.

A luz dun mapa apenas sabia de nós no fondo  
dun camiño intrazado no límite do mundo.  
Por veces viña un eco perseguido de vento  
e un mesto mar insone povoava o silencio  
de arvorecida calma.

Nada se adiviñaba no corazón prendido  
a un astro de soedade, a un país invisible  
que nacía nos ollos.

Levávamos cen noites de paciencia infinita,  
agardando, agardando no devalar das luas,  
e era un grave latexo entretecido á sombra  
máis azul da esperanza.

Estávamos unidos por unha vella forza,  
unha raíz atada á terra, ao mar, ao céu,  
e tiñamos cen noites detrás do noso sangue,  
á espreita do universo, no duro tempo túnel  
que consome o alento.

O inimigo é un inferno que nos invade a alma.

Sabíamos que un día chegaría nun lóstrego  
a nos queimar o cerne do noso amor durísimo.  
Mais soubemos medir no límite do sangue  
o camiño perfecto,  
armados como a luz contra os campos escuros.

*Miguel Anxo Fernán Vello*

## CANTIGA AO XEITO DE SCHUBERT

### *Cantiga*

A DAMA que ía no branco cabalo  
levaba un pano de seda bordado.  
Na verde fror  
as letras van de amor!

O cabaleiro do cabalo negro  
levaba unha fita colléndolle o pelo.  
Na verde fror  
as letras van de amor.

No meio do río cambiaron as vistas,  
el pra o pano i ela pra a fita.  
Na verde fror  
as letras van de amor.

As vistas viron ao río cambiar  
i o pano i a fita por se namorar.  
Na verde fror  
as letras van de amor:  
Con amor vivirás!

*Álvaro Cunqueiro.*

# CURRÍCULA DOS INTÉRPRETES.

## **M<sup>a</sup> José Ladra, mezzo-soprano**

Na actualidade, é Profesora Numeraria e responsabel do Seminario de Canto no Conservatorio Profesional da Coruña, Premio Extraordinario Fin de Carreira no Conservatorio Superior de Coruña, onde realizou os seus estudos baixo a dirección de Antón de Santiago, sempre coas máximas calificacións. María José Ladra é unha mezzosoprano lírica con coloratura, na liña das grandes mezzos españolas, grazas á fermosa cor da súa voz e ao gran dominio técnico, que lle permiten interpretacións de gran relevo, tanto no repertorio belcantista, como nas grandes personaxes de zarzuela. A súa formación viuse enriquecida coa asistencia a importantes cursos de interpretación, entre os que destacan a Bach Academie (baixo a dirección de Helmut Riling, con María Venutti e Andreas Schmidt), Música en Compostela (nas súas seccións "Teatro lírico español" con Maximino Zumalave e "Canción española e zarzuela" con Marimí del Pozo), Miguel Zanetti, Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, Teresa Berganza, etc. Como postgraduada recibiu clases da citada Marimí del Pozo e de Inés Rivadeneira. Recibiu diversos premios, cando aínda era estudante, en varios concursos convocados pola Xunta de Galicia. A súa voz é idonea para Dido de Purcell, Orfeo de Gluck, Cherubino e Dorabella de Mozart, Romeo de Bellini, Charlotte de Massenet, etc., polo que refire a personaxes operísticos. Obtén tamén excelentes resultados artísticos de personaxes de zarzuela, aos que intepretou como protagonista, como Ascensión de *La del manojo de rosas*, Paloma de *El barberillo de Lavapiés*, ou Menegilda e Elíseo de *La Gran Vía* coa Agrupación Lírica Ofelia Nieto, da que é primeira figura e membro fundador, e coa que tamén interpretou *Dido e Eneas*. En todas estas actuacións recibiu unha calorosa resposta do público e grandes gabazas da crítica, como tamén nas súas aparicións, tanto en recitais como nas galas líricas que realiza a Agrupación Ofelia Nieto e co grupo Magnificat de música relixiosa.

## **Javier Vázquez Grella.**

Pianista nacido na Coruña, cidade donde inicia os seus estudos musicais no conservatorio superior de música ca prestixiosa pianista Natalia Lamas. Terminando a súa carreira cas máximas cualificacións en 1995. A partir de entonces desenvolve unha ampla actividade como solista, acompañante e en formacións de cámara, sendo membro do Trio de Cámara Mendelsohn.

Posteriormente se traslada a Barcelona para estudar na Academia Luthier co pianista Antonio Ruiz Mellado obtendo ao final des seus estudos e por unanimidade do xurado o diploma de Concertista Cum Laude. Ten realizado gravacións para Radio Nacional de España, Radio Galega, e Televisión de Galicia e ten estreado obras de autores da Asociación Galega de Compositores entre os anos 1996 e 2003.

En Agosto de 2006, estrea na cidade de Guadalajara (México) a obra "El Traspasio de la mente" do compositor Luis Montes Jáuregui. En xaneiro do ano 2007 graba un cd co clarinetista Antonio Suárez con obras de Brahms e Poulenc. Ese mesmo ano e con motivo do 20 aniversario da morte de Federico Mompou interpreta nunha serie de concertos en España e México, a integral das cancións e danzas e as variaciones sobre un tema de Chopin.

Ten asistido a cursos con prestixiosos intérpretes como Rafael Sebastiá, Eulalia Solè, Luiz de Moura, Vladislav Broneveztky, Erick Heidseck, Alain Motard, Miguel Zanetti, (Madrid), Charles Spenser (Alemania), Dalton Baldwin (Portugal). Dende o ano 1998 é pianista acompañante por oposición do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Ten gravado recentemente a Rapsodia in blue de George Gershwin ca Orquesta Sinfónica Melide e tamén con esta orquesta ten estreado no ano 2005 o concerto para piano e orquesta do compositor galego Fernando V. Arias no auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Participa co quinteto de vento do Conservatorio Superior de Música da Coruña no noveno torneo internacional de música celebrado en Zaragoza, interpretando o Sexteto de Francis Poulenc obtendo o diploma de mérito. Ten actuado nas principais cidades e auditorios de Galicia, Aranjuez (Auditorio Isabel de Farnesio), Barcelona (Casa Elizalde, Centro de Música Contemporánea), Portugal (Casa Mateus), Zaragoza (Sala Luis Galve), Ámsterdam, Utrecht e en Guadalajara-México (Ex – Convento del Carmen, , Fundación Alvarez del Castillo, Teatro Degollado), Fresnillo e Tlaquepaque.